


TRASNO



(Cascallar)

Maio 2.001 7. E. S. Álvaro Cunheiro - VIGGO





¡OLA!

AMIGOS, longos anos pasaron desde que vos deixei, percorrín agres camiños e tratei de probar fortuna en scuolas, eikastolas e demais templos do saber, que é o que a min máis me tira.

Certo día dei en sufrir dun grande mal, entón empecei un verdadeiro calvario polas consultas de eminentes médicos -por certo, algúns deles lambéronme unha mancha de cartos- ata que cando xa me resignara a convivir coa miña dor un menciñeiro deu coa causa daquilo que máis ben parecía cousa de meigas: eu padecía do mal da Terra.

E velaquí estou na miña Itaca, o Álvaro Cunqueiro, disposto a facervos compañía un curso máis, ou todos os que queirades. Vós, amigos, tedes a última palabra!

Eu, O Trasnó

Este Trasnó Fixémolo


*Rubén Abad COU E
Paula Abreu 3º ESO B
Alicia Alonso 1º ESO C
Antía Alonso COU A
Pablo Álvarez COU D
Mauro Ares COU E
María Barreiro 1º ESO C
Pablo Brocos 1º ESO C
Rodrigo Carnero COU D
Ricardo Cascallar 4º ESO C
Sheila Díez 3º ESO B
Tamara Fernández 1º BACH D
Ana Catalina Freaza 3º ESO B
Santiago Gallego COU D
Iago García 3º ESO C
Ariadna Garrido COU D
Xabier Gigirei 1º ESO C
Alicia Gil COU C
Paula Gozalo 1º BACH D
Carlota López 1º ESO C
Uxía López-Dóriga 4º ESO A
Aroa Miguel 3º ESO B
Isidro Oya (ex-alumno)
Merce Peleteiro 3º ESO B
Ana Pérez COU D
Alba Pérez COU D
Carmen Pérez Lacaba 1º ESO C
María Priegue 4º ESO B
Paúl Rodríguez COU B
Alfonso Salgueiro COU D
Zoila Teijeiro COU D
Ruth Terleiro 1º ESO B
Esther Troncoso (ex-alumna)
Aroa Vázquez COU D
Beatriz Villar 3 ESO B
E N L.*

Día das Letras Galegas

Eladio Rodríguez González

foi un excelente coñecedor do noso idioma e pasou á historia da cultura galega pola redacción do seu "Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano"

Un egrexio descoñecido



O Día das Letras Galegas dedícase este ano a Eladio Rodríguez González, un autor que foi un excelente coñecedor do léxico galego.

Día das Letras Galegas

Nacido en San Clodio, no concello ourensán de Leiro o 27 de xullo de 1864, sendo moi novo estableceuse na Coruña, onde foi empregado municipal e xornalista. Xa dende a súa primeira nenez mostrou un fondo amor polo estudio e polas letras que o levou a escribir poemas e artigos para distintas publicacións da época. Foi membro numerario fundador da Real Academia Galega. Foi tamén un dos primeiros impulsores das Irmandades da Fala coruñesas.


Pero o empeño de toda a vida de Eladio Rodríguez foi o seu "**Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano**", que foi publicado despois da súa morte entre 1958 e 1961. O diccionario é a obra dun egrexio lexicógrafo. É un diccionario que non se limita a recompilar as palabras e os seus significados, senón tamén a explicalas no seu contexto social e cultural, a recrealas e facelas revivir a través das súas variantes e das expresións, frases e refráns ás que dan lugar.

O primeiro volume do "Diccionario", precedido dun limiar de Otero Pedrayo foi publicado en 1958 pola editorial Galaxia. Os dous tomos restantes apareceron en 1960 e

desde ese momento. O *Don Eladio* converteuse nunha referencia ineludible para lingüistas, filólogos, escritores.

A súa produción como poeta redúcese a dous libros, "*Folerpas*" (1894) e "*Oracións campesiñas*" (1927). Nos seus versos atópase sempre unha métrica de lingua esmerada. En "*Folerpas*" rexístrase un gran realismo para os detalles materiais e un claro idealismo na representación da mentalidade campesiña, cunha expresión que afonda en tópicos, cadros de costumes que non engaden

Ilustración de Castelao para a cuberta de *Oracións campesiñas*




nada novo aos prototipos coñecidos, ademais de abundantes trazos picarescos. "*Oracións campesiñas*", pola súa banda, comprende poemas de inspiración sentimental e descritiva, así como cantos de reivindicación agraria.

Eladio Rodríguez morreu en A Coruña o 14 de abril do ano 1949.

O "Don Eladio", como se coñece o seu "Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano", que nunca chegaría a ver publicado, foi un labor silencioso e tenaz de trinta anos e é un auténtico tesouro de información sobre o idioma galego. O diccionario inclúe todos os modismos, locucións, frases e refráns peculiares da nosa terra, ademais de todo un rexistro de usos e costumes.

Traballos premiados no concurso de Redacción para alumnado de 1º ciclo de ESO

Alumnos/as de 1º de ESO premiados
no concurso de redacción e debuxo



**VI CONCURSO DE
REDACCIÓN E DEBUXO**


a prol da Solidariedade e a Igualdade
de Dereitos, e contra o Racismo e a
Xenofobia

De- *Noa Igreja Alonso*

Para escolares de 6.º de Primaria e
2.º de Ensino Secundario.

Redacción : Alumnos/as

*Alicia Alonso Torralbo
Xabier Giguei Vázquez
María Barreiro Vila*



**centro cultural
caixanova**
AUD TOR O

Venres, 23 de marzo de 2001 ás 11.00 h.

O RACISMO E A POBREZA NO MUNDO

A declaración dos dereitos humanos da O.N.U. di que ningunha persoa pode ser discriminada polo sexo, ideas políticas ou relixiosas, cor da pel e lugar de nacemento. Esta declaración non é cumprida na maioría dos países de mundo, sobre todo entre as persoas do chamado "terceiro mundo", é dicir: América Central e Sur, parte de Asia e África.

Un dos motivos que xera a pobreza do terceiro mundo é a venda de armas por parte dos países "ricos". O que realmente necesitan estes países, ademais de axuda económica, é o material necesario para poder xerar os seus propios recursos, é dicir: poder pescar, cazar, ferramentas para traballar a terra, construír pozos, escolas, vivendas, hospitais, etc. Unha cousa que para nós é o máis normal como almorzar, ducharse con auga quente, durmir nunha cama, ir á escola, poder escoller a roupa no armario, etc., para estas persoas isto é un privilexio xa que moitos dormen no chan, non poden ir á escola porque teñen que traballar para poder comer, cousa que non sempre conseguen, van sempre coa mesma roupa, etc.

Moitas persoas teñen que abandonar o seu país e a súa familia desesperados por buscar algo mellor xa que viven na pobreza ou estan nunha guerra. Hai persoas as que lles aseguran que os levaran a un sitio mellor a cambio dunha cifra moi elevada de diñeiro para eles, e case nunca chegan ó seu destino, e aínda que cheguen, son discriminados social e laboralmente polas persoas e gobernantes destes países.

Quen realmente axuda a estas persoas son as O.N.G.s porque lles proporcionan medios humanos e materiais para que poidan valerse por eles mesmos, aínda que esta axuda non é suficiente.

(*María Barreiro Vila 1º ESO C*)

Traballos premiados no concurso de Redacción para alumnado de 1º ciclo de ESO

A MIÑA VIAXE A ESPAÑA

Vivía en Dakar, a capital de Senegal. Estaba asentado nas aforas, nunha chabola e non tiñamos nada que comer. Uns amigos e mais eu estabamos pensando en marcharnos a España porque nos dixeron que alí había traballo. Pero non atopabamos quen nos levase. Un bo día estabamos falando do tema e escoitounos un señor e díxonos que tiña moitos contactos e que nos podía levar a España nun barco e de forma legal. Quedamos en aparecer o día 5 de abril, á noite, no porto de Ceuta con 2.000.000 de pesetas (400.000 pesetas por cabeza). Para recadar eses cartos tivemos que roubar ás persoas e ata saquear comercios, en contra da nosa vontade. E alí estabamos á hora indicada. Xa nos estaban agardando. Pedíronnos amablemente o diñeiro e démosllo. Despois sacaron uns fusís, apuntáronnos e díxéronnos que tiñamos que subir á "patera" que estaba detrás nosa, chea de africanos, ou pegariannos un tiro. Nós metémonos na "patera". Un dos que



levaba fusil tamén se meteu, arrincou o motor e metémonos no mar. Cando a penas saíramos do porto, ó do fusil recolleuno un barco e díxonos que seguíramos nós. Estabamos todos moi asustados e non sabíamos que facer. Non íamos volver porque sería tirar o diñeiro. Anque asustados, seguimos adiante. As correntes non nos deixaban ir rectos e xa levabamos dous días navegando e sen ver terra. Tres días despois aínda non viramos terra e tres tripulantes da pequena embarcación morreron e ti-

rámolos, a desgusto, ó mar. O sétimo día chegamos a terra, pero tan só dez, os demais morreron, inclusive dous amigos meus. Estabamos exhaustos e tombámonos na praia. Durmimos todo o día. Empezamos a andar, e ó pouco tempo, viñeron vinte homes, que nos mallaron sen motivo algún e chamáronnos mouros, insultáronnos e díxéronnos que volveramos para África. Despois da malleira aínda seguimos andando ata que nos atopou a policía e nos levou ó cuartel que é desde onde escribo o relato da miña dura viaxe. Non sei que farán connosco, pero o máis seguro é que nos envíen a África (Senegal, no meu caso) para seguir morrendo de fame.

Xabier Gigirei Vázquez 1º ESO C
Debuxo: Carlota López Costas 1º ESO C

Traballos premiados no concurso de Redacción para alumnado de 1º ciclo de ESO

A MURALLA

"Para facer unha muralla tráíamne tódalas mans, os negros as súas mans negras, os brancos as súas brancas mans. Unha muralla que vaia dende a praia ata o monte, dende o monte ata a praia ali sobre o horizonte".

A muralla que queremos facer é unha muralla que non deixe pasar o racismo, para iso fan falta moitas mans. Pero o que máis necesitamos son moitos corazóns que non desprezen a xente de África, Asia, o chamado terceiro mundo, etc, moitos corazóns que saiban que a cor da pel, o país de onde proveñas ou os costumes non teñen que ver con que un sexa mellor cò outro.

Aínda que os países terceiromundistas sexan pobres de diñeiro, non teñen porque ser inferiores tanto traballando coma pensando.

Por exemplo, se os xogadores de fútbol negros estivesen vendendo panos nun semáforo, como están moitos outros que non teñen o privilexio que teñen estes, ¿farialle caso a xente a Catarha, Ronaldo e moitos outros se non tivesen o diñeiro que teñen? A resposta a esa pregunta é obvia ¡NON!. E viceversa, se un rapaz negro que está vendendo panos fose unha estrela de fútbol, ¿farialle caso? A resposta é SI.

¿Que se saca de conclusión disto? Que a xente de diferente cor é tratada segundo o diñeiro que teña. Se é un rico futbolista, vano tratar ben, e se é un pobre, mal. ¡¡Abonda xa, non tolereis isto!!

Carmen Pérez Lacaba 1º ESO C

Debuxo: Pablo Brocos Mosquera 1º ESO C

O RACISMO

O racismo e a xenofobia son a fobia que algunhas persoas lles teñen a outras, ben por ser doutra cor ou raza como por exemplo negros ou xitanos.

Polo xeral os inmigrantes que hai en España veñen de Sudamérica, dos países do leste de Europa e de África. Veñen buscando un posto de traballo para poder ofrecer ós seus fillos educación, vivenda e sanidade porque non o teñen nos países de orixe. Todo isto lles é tamén moi difícil, porque moita xente desconfía deles e rexéitao, seguramente por seren negros e pobres. Nós non debemos permitir isto, debemos recordar que hai moitos anos España tamén era un país subdesenvolvido e os nosos devanceiros tamén se viron na necesidade de emigrar, e debérono pasar ben mal porque descoñecían o idioma e ademais dábanlles os peores traballos.

Os inmigrantes procedentes de África teñen tanta necesidade de traballar que se poñen en mans de mafias que lles cobran unha grande cantidade de diñeiro por traelos aquí nun estado lamentable e co perigo de morrer antes de chegaren. Os que conseguen chegar non dispoñen de contrato de traballo nin de papeis, son os "sen papeis" ilegais, perseguidos polas autoridades e que aceptan calquera traballo, moitas veces en condicións infrahumanas, para poder malvivir.

Nós, os xoves, debemos entender que todos somos iguais, que todos temos as mesmas necesidades, as mesmas obrigas e deberíamos ter os mesmos dereitos. Debemos ser quen de convivir e de traballar todos xuntos sen que nos importe a raza, a cor, a cultura... de ningún compañeiro. Se todos foramos amigos saríamos beneficiados porque coñeceríamos outras culturas, etc.

Estes días os científicos descifraron o xenoma humano. O que demostra cientificamente que todos somos iguais posto que calquera ser humano de calquera raza e de calquera continente comparte o 99,99% das células.

A min gustaríame que todos foramos iguais e para isto tiñamos que manifestarnos en contra do racismo e a xenofobia.

Alicia Alonso Torralba. 1º ESO C

OUTRA MANEIRA DE APRENDER

Durante este curso, os alumnos que cursamos Ciencias do Medioambiente, estamos "disfrutando" dunha nova maneira de aprender cumprimentando o ensino tradicional na aula con procesos de ensino-aprendizaxe: conferencias e sobre todo, saídas didácticas. Estas últimas teñen como obxecto integrar o alumno no medio.

Neste sentido, a primeira actividade foi unha conferencia que nos aportou información sobre os parques naturais: monte Aloia, illas Cíes, fragas do Eume, O xurés.....

Para cumprimentar esta información fixemos unha visita a "O Esteiro do Miño" e contamos coa colaboración da Asociación Naturista "Baixo Miño" que nos acompañou a distintos observatorios e nos forneceu do material adecuado para facer os nosos estudos.

En conclusión, as clases non só se poden dar na aula, hai outras maneiras de aprender que nos resultan moito máis amenas. Espero que os profes se animen a prepararnos máis clases deste tipo.

(Uxia López-Dóriga, 4º ESO A)



PREMIO EXTRAORDINARIO DE BACHARELATO

Non hai moito tempo, no noso instituto foron noticia unha serie de alumnos e alumnas que polas súas boas cualificacións tiveron a oportunidade de presentarse a un exame para o "**Premio extraordinario fin de Bacharelato**". Os alumnos que participaron nesta experiencia, todos de COU, foron **Diego Carrasco, Alba Pérez, Iván Pérez, Andrea Rodríguez, Paúl Rodríguez, Héctor Santos e Cristina Soaz**.

A un deles, Paúl, fixémoslle unha entrevista. Este é un rapaz normal e corrente como calquera outro, pero destaca por unha cousa, as súas notas, notas que lle deron a posibilidade de ir facer un exame para poder conseguir unha beca para a universidade. Aí vai a entrevista que lle fixemos hai poucos días.

¿Paúl, como conseguiches ir a ese concurso?

Pois nada, todo sucedeu moi rápido, un día estaba na clase e viéronnos avisar para que fosemos á secretaría, e alí comentáronnos a posibilidade que tiñamos de asistir a ese concurso e conseguir unha beca.

Quen aprobase ese exame tiña a matrícula gratis na universidade.....e eu pensei, oes, por ir non perdo nada, e ¿quen sabe o que pode pasar?

¿Custouche moito sacar a nota necesaria para ese exame ?

Para ir facer ese exame pedían unha nota superior a 8,5 durante todo o bacharelato, e sen ter en conta as materias opcionais. Eu máis ou menos tiña un 8,7 de nota media, que me permitiu ir. Sinceramente, mentres facía o BUP, non sabía que ía poder facer este exame, foi unha sorpresa para min.

¿Que conclusións sacas desta experiencia? ¿Que che pareceu?

Pois foi xenial, xa que é un exame onde vai moita xente, como no exame de selectividade, e queiras que non vaite preparando para exames deste tipo que teñas que facer no futuro.

Cóntanos algo sobre o ambiente que se respiraba alí, e a xente que por alí estaba....

A xente estaba bastante nerviosa, penso que os máis tranquilos eramos nós, eu concretamente non estaba nada nervioso porque xa fixera un exame similar en Santiago, pero naquela ocasión era unicamente de matemáticas.

Por alí a maioría da xente estaba con moitísimos folios moi nerviosos e repasando apuradamente antes do exame....pero polo xeral había un bo ambiente.

¿Que vantaxes cres que che pode ofrecer ese exame ?

A máis importante é a económica porque aforras o diñeiro da universidade e a nota queda reflectida no libro de escolaridade, eso é unha cousa importante.

¿Cales son os teus plans no futuro? Parece que coas túas notas non terás problemas para elixir carreira...

Non, nun principio tratarei de sacar a nota necesaria para poder entrar na enxeñería de telecomunicacións, que é unha carreira que me gusta moito, e un mundo que me atrae moito e gustaríame estar nel nun futuro.

Falemos do exame, ¿como pensas que serán os resultados da túa proba? ¿Saíches contento?

Je, je, je (rise)...O exame constaban de dúas partes. A primeira era un exame de inglés e unha redacción (este en castelán) sobre o mundo de hoxe. Ese era un exame bastante sinxelo, pero o segundo era xa moito máis complicado, tiñamos que escoller entre matemáticas, latín e historia. Eu escollín matemáticas, pero non creo que saque a nota de pase. Os exames eran de unha hora e media e

unha hora respectivamente,

¿Que nivel observaches alí?

Había xente que o levaba preparado moi ben porque tivera moito tempo, pero eu non o preparei moito porque tiña exames. Pero xa os podedes imaxinar o nivel que había... ¡¡todos pasaban do 8,5 de media....!!

Pois moitas gracias e moita sorte nos resultados da proba, Paúl.

O noso Director quixo facer constar aquí, en nome de todos nós, o agradecemento aos alumnos e alumnas que participaron neste acontecemento.

"Para todos nós, alumnos, profesores e familias é un motivo de orgullo e de recoñecemento o esforzo destes compañeiros. A "pelexa" de cadaquén non é cos demais, é consigo mesmo: superarse, chegar máis lonxe, ser máis fondamente humanos.

Gracias polo voso esforzo"

Marzo de 2.001 O Director

(Entrevista realizada por Ariadna Garrido e Pablo Álvarez COU-D)




O TABACO NO INSTITUTO

Hoxe en día unha grande porcentaxe da poboación é fumadora e iso leva consigo que a meirande parte da outra tamén o sexa; sobre todo polo pouco respecto que teñen estes primeiros polos demais. Xa pode haber carteis que digan “*prégase non fumar*”, ou estar en sitios públicos coma por exemplo hospitais, que, sen medo ningún e con toda a normalidade do mundo, sacan de chisqueiro e pito e bótanlle unha calada, ó mesmo tempo que pechan un pouco os ollos e espallan de seguido o lento fume polo seu redor.

Non é que eu estea en contra deles, se os respecto, o que pasa é que xa é suficiente con tragar toda a sucidade que temos nas cidades (fumes de coches,...) coma para que inda por riba teñamos que estar a contaminarnos cando imos á clase ou ó cine,...

Un exemplo que me pasou o outro día. Despois de estar toda a mañá sen saír do edificio (do instituto) apeteceume no segundo recreo ir tomar un chisco o aire, e iso de tomar o aire é un dicir xa que nada máis saír pola porta somerxinme nunha espesa manta de fume onde case non podía respirar e tiven que volver para dentro. ¿Non se lles ocorrerá ós que alí fuman ir a unha zona máis aberta?



¿Ou pola contra farán iso adrede para respirar uns os fumes dos outros do lado e coa mesma aforrar uns cartiños?

E iso dos cartos é outra, porque facendo contas, a unha media de caixiña diaria gástanse ¡¡¡máis de cento vinte mil pesetas ó ano!!!, razón, para min, xunto a que te está a matar a ti e fas o mesmo cos demais, coma para deixar de fumar ou non imporse unha regra de vida de vida coma dicía Mark Twain:

*“Non fumar mentres durmo,
non deixar de fumar mentres estou desperto,
e non fumar máis que un só cigarro a vez”*

(Paúl Rodríguez COU B)

O tabaquismo en España.

Fumadores pasivos entre os enfermos de cancro de pulmón

Na infancia 56%
Na casa 52%
Nalgún lugar do traballo 52%

As cifras do tabaco

Esperanza de vida

Homes 78 anos
Mulleres 81 anos
Homes con cancro de pulmón 54 anos

**O cancro
de pulmón reduce a
vida dos fumadores
una media de
24 anos**

¡¡ ABONDA XA !!

Desde o I.E.S. Álvaro Cunqueiro de Vigo felicitamos a iniciativa de declarar o 25 de novembro **DÍA INTERNACIONAL DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES**. Con motivo deste acontecemento, en Santiago, tivo lugar unha manifestación da Marcha Mundial das Mulleres.

Creemos que polo menos hai un intento de concienciar a opinión pública. Nós desde aquí tamén queremos expresar a nosa repulsa por este mal tan terrible que está a azoutar a nosa sociedade.

Os casos de malos tratos en España son alarmantes, sobre todo en 1999, como tamén o son en Galicia. Non soamente son malos tratos físicos (golpes, labazadas, uso de armas), tamén poden ser: maltrato psicolóxico (humillacións, ameazas de violencia física...), maltrato sexual (agresións, abusos, tocamentos...), maltrato económico e material (impedimento ou atranco da vida laboral da muller...) e maltrato social (maniféstase na ofensa verbal diante doutras persoas...).

Os maltratadores fan sentir ás vítimas coma se non serviran para nada, que toda a culpa é delas. Pero non só son os malos tratos senón as mortes por esta causa: hai máis mortes por malos tratos que vítimas de ETA.

Para as mulleres que sofren malos tratos hai 140 casas de acollida en España.

A lei nestes casos está moi mal formulada, cando as mulleres van á comisaría denunciar, os policías rinse delas.

Ata hai pouco tempo os casos de malos tratos quedaban entre a parella e o médico.

A causa da lenta informatización das comisarias e xulgados non permite saber cantas denuncias puxo unha mesma muller.

Algunhas noticias máis importantes sobre os malos tratos que saíron na prensa son :

-O fiscal pide 14 anos de cárcere para un home acusado de violar a unha deficiente.

-A policía detén a un barcelonés que matou a golpes á súa muller.

-Condenado a tres anos por intentar matar á súa muller cun coitelo.

-Unha muller queda tretraplética a causa dunha malleira do seu home.

-Un mozo agride a súa nai porque esta non lle pranchara a roupa.

-A muller apuñalada polo seu marido en Sevilla e atópase en estado consciente.

-O marido dunha pamploesa, que morreu apuñalada, detido como autor do crime.

-Un axente local de Xirona apresado por

malos tratos á súa muller.

..... etc, etc, etc. Estes son só unha pequena mostra do que podemos atopar a cotío nos xornais.

Non cabe dúbida de que isto é alarmante pero aínda o é moito máis o feito de que o 50 % dos homes europeos opine que isto acontece porque “elas o merecen”

¡ABONDA XA ! ¿Cando se pensan tomar medidas serias ? Queremos recordarlles ós que teñen o poder que estamos no século XXI, o do progreso, o da informática o de todas as novas tecnoloxías,esperemos que entre tanto adianto lles quede algún tempo para pensar na igualdade, na tolerancia, nos dereitos humanos.



(Paula Abreu, Aroa Miguel, Merce Peletiro e Beatriz Villar, en nome de todo o grupo de 3ºESO B)

PIERCINGS ⚡

Os "piércings" trátanse dunha técnica ou arte milenaria que consiste en perforar a pel para colgar xoias nas distintas partes do corpo. Pero esta idea non é nova, realízase desde hai 60.000 anos; xa os exipcios se poñían piércings no embigo para indicar pertenza á realeza e os piércings dos loitadores romanos significaban valentía.

A pesar da súa historia e de que co paso do tempo foi facéndose máis popular, atopámonos con que os profesionais (master piércing) desta arte escasean e os médicos a rexeitan ou a ignoran.

En España atopamos moi poucos aneladores (persoa que fai piércings) e non se levan controis. En cambio en EE.UU., país onde levar aneis nas cellas, nariz, beizos, mamilas ou incluso nos xenitais é o máis común, atopamos:



- "*Gauntle Intemational*", a organización de piércings máis antiga (creada en "Los Ángeles por Jim War en 1975), que se dedica a vender as xoias e instrumentos necesarios, ensinar esta técnica por medio de seminarios e vídeos instructivos, publicar a revista '*«Piercing Fans International Quaterly» (PFIQ)*' e promover unha campaña internacional contra os "malos" aneladores.

- "*Association of Professional Piercing*", unha asociación de aneladores profesionais que ofrece en Internet unha lista dos profesionais desta técnica.

En Inglaterra, exactamente en Brighton, atopamos "*Wilcat*", unha tenda dedicada exclusivamente a venda de xoiería para "body piércing".



barbell



Verdadeiramente estase a construír todo un mundo sobre esta técnica. Estase a combinar os mellores materiais coa comodidade, así por exemplo xurdiu o "barbell", unha especie de pequena pesa que se fixo moi popular. Segundo "Michaela Grey" (unha "master pircing"*, directora de seminarios de dita técnica e co~directora da revista PFIQ) a maior chapuza do piércing son as "pistolas" para facer buracos nas orellas pois trátase dun instrumento inventado para marcar o gando, que non é posible esterilizar entre intervención e intervención.

No anelado atravésase o corpo primeiro cunha agulla e despois cunha xoia. Para isto é necesario saber de anatomía pois hai que coñecer a circulación do sangue, a distribución dos nervios, o proceso de curación e saber resolver calquera tipo de problema que apareza. Ultimamente comezaron a aparecer estudos médicos sobre o tema. É moi importante escoller un bo anelador porque se a perforación se fai cun equipo contaminado pode provocar hepatitis, infeccións por pseudomas, virus herpes simplex, virus Epstein Barr, candidiase ou sida.

Entre os piércings básicos, os que máis riscos ocasionan (ordenados de maior a menor perigo) son: no interior do nariz, clítoris, pene, lingua, mamilas e embigo.

Cando queiras anelarte acude sempre a un establecemento preparado, observa que o local estea limpo e o material esterilizado, que resposten abertamente as preguntas e que utilicen xoias de calidade (ouro de 14k., aceiro cirúrxico, titanio, nio-bio).



Se queres conseguir máis información sobre o tema podes consultar nas seguintes páxinas web (en inglés):

www.piercing.org

www.gauntle.com

www.jadedragon.com

www.tatuajes.com

www.tattoomanastudio.com



PIERCING ⚡

(Alicia Gil COU C)

Os Talibáns

Cando escoitamos a palabra talibán, rapidamente a asociamos cun home de barba, que viste ó modo tradicional e que reza cinco veces ó día. Tal vez non esteamos tan afastados da realidade, porque talibán quere dicir estudante islámico.

Pareceríanos todo isto normal de non ser porque os talibáns son un grupo ultrarrelixioso que impón en Afganistán un estado onde a lei canónica islámica “sharia”, reempraza á Constitución e rexe tódolos aspectos da vida cotiá.


Baixo a súa aparencia de relixiosidade extrema agochan un claro fascismo, considerado o réxime máis radical do planeta. Un réxime que en nome do Islam viola continuamente os dereitos humanos, sumindo as mulleres nunha pobreza e desigualdade insufribles; non poden traballar, estudar, votar, saír de casa sen a compañía dun parente varón, deben vesti-la “burqa” e un sen fin de incoherente normas que están obrigadas a cumprir se non queren ser malladas.

Vendo a dramática situación na que viven diariamente as mulleres afganas, resulta curioso que a noticia sobre o réxime talibán que máis repercusión internacional tivo foi a destrución dos budas de 1.500 anos de antigüidade. ¿Seica está por riba a arte que as persoas?

Máis dunha persoa se sorprende de que nin a O.N.U. nin Estados Unidos interveñan. Ata o momento, a única medida práctica foi impor sancións ós talibáns; sancións que só afectan a xente pobre. A razón desta política non-intervencionista débese a que Afganistán está en mans das potencias estranxeiras como Estados Unidos, Pakistán e Arabia Saudí, que teñen uns marcados obxectivos: illar a Irán, obter unha entrada a Asia Central e ás súas riquezas petroleiras e controlar a produción de opio, principal fonte de financiamento dos talibáns.

Unha solución sería despregar forzas de pacificación, vixiar as diferentes faccións e velar por unhas eleccións democráticas. Pero deixemos de escoitar estas arrepiantes realidades; fagamos oídos xordos e sigamos pechados na nosa burbulla de sociedade modelo, onde priman os intereses económicos sobre os dereitos humanos.

Tamara Fernández Aмосa



Estes..... vanse

Adeus ao C.O.U., este é o derradeiro.

Despois de catro anos (ou máis) entre nós, estes vanse, seguen o seu camiño. Con eles acaba o COU, que ten case trinta anos de vida. Pero isto segue.

O trasno querevos desexar o mellor para o moito que vós queda. Ata sempre.



COU
A



COU
B

E es-
toutros
tamén
.... se
van



COU
C



COU
D



COU
E



FESTAS RACHADAS



MAGOSTO

17 DE NOVIEMBRE

10:30 - Fútbol sala (mestres & alumnos)


11:00 - Concerto Guitarra (Alumnos)

11:30 - Baloncesto (mestres & alumnos)

A partir das 12:00, gran festa gastronómica
a base de castañas asadas e "bolos preñados"

Á 1:30 Xantar para profes e alumnos

A festa é a beneficio da excursión da fin de curso dos alumnos de 4º de E.S.O.



III ZUEEE
MAQ#0000570111

No noso instituto, como en moitos centros educativos de Galicia celebramos unha típica tradición galega que case se perdera nos nosos costumes.

No Álvaro Cunqueiro non só a celebramos como nos outros, senón que marcamos a diferenza.

Organizáronse partidos de fútbol, nos que os profesores e alumnos participaron no mesmo encontro coa particularidade de que estaban en bandos contrarios. As profesoras e alumnas tamén tiveron o seu, esta vez de baloncesto. As docentes demostraron estar en perfectas condicións físicas derrotando as súas adoutrinadas.

A nosa Chata, que este día, para a nosa desgrasia non fixo tortilla, formou parte das siareiras das "profes" como unha animadora profesional.

E despois do esforzo físico enchemos o bandullo comendo as típicas castañas e bolos preñados, como manda a tradición.

(María Priegue González 4º ESO B)

O NOSO ENTROIDO

O entroido é unha das festas máis celebradas en Galicia. Comeza o domingo da sesaxésima coa festa maior denominada domingo fareleiro ou borrallento. Seguen o xoves de comadres, o domingo de entroido e o martes, día principal, no que en moitos lugares se celebra a queima do Meco que ven ser o entroido personificado. Soe rematar a festa cun "pranto" que recibe distintos nomes segundo os lugares, enterro do Ravachol en Pontevedra, enterro da sardiña en Vigo, etc.

Pois ben, aínda que a nosa celebración non foi de tantos días, o día 23 de febreiro tivemos no instituto o noso Entroido. Realizáronse actividades deportivas, gastronómicas e, sobre todo, un desfile de máscaras.

Esto último foi o mellor de todo o conto. Apuntouse moita xente, aínda que á hora de saír a bailar ao escenario, seguramente por vergoña, algúns fixéronse os remolóns. Pero, para compensar, os que se atreveron a desfilar fixérono bastante ben. Déronse tres premios individuais, dous dos cales recaeron en compañeiras do meu curso. As afortunadas foron Paula Abreu, que ía disfrazada de "Fantasia" e Carolina Lodoño que ía de "Demo". Tamén levou premio un rapaz doutro curso que ía de rapeiro. Pero o mellor da festa, con moito, foron as comparsas, nas cales se demostrou unha grande imaxinación. Había de todo ... disfraces xa moi vistos, outros que facían referencia a temas de actualidade e, precisamente foi un destes ("O Tairles") o que levou o primeiro premio. Este disfraz estaba construído e decorado polos propios participantes.

Algúns profesores tamén se disfrazaron (e moi ben porque non os coñecemos ata que deixaron a máscara un lado) e entregaron os premios, bailaron e animaron a festa.

En fin, foi unha xornada diferente e unha festa "rachada"

(Ana Catalina Freaza 3 ESO B)

Cara a onde nos leva a Loxse

O ensino é un dereito ó que todos e todas debemos ter un acceso igualitario, mais vemos como a realidade nos mostra que as cousas funcionan doutro xeito. Con este artigo preténdese abrir un debate sobre as consecuencias da aplicación da Loxse, sobre as características do sistema e formular unha alternativa, que faga real aquilo de que o ensino é un dereito e non un privilexio.

O ensino público está sufrindo unha situación caótica en Galicia, debido ó desmantelamento do conxunto do sector público que está a levar a cabo o Partido Popular. Isto concrétese, no ensino secundario, no traspaso de fondos cara ós centros privados. As subvencións dedicadas ó ensino privado incrementáronse nun 125% desde 1989 ata o día de hoxe a consta dunha progresiva redución dos investimentos destinados ó ensino público.



A educación constitúe un dos servicios sociais básicos para reducir as diferencias socioeconómicas entre as persoas, así como un factor esencial para o desenvolvemento. É dicir, pode ser segundo como se

empregue, un factor determinante para agudizar ou reducir as desigualdades existentes e para permitir a participación da poboación na vida cultural, económica e laboral. Daquela, non debería verse coartada pola súa reconversión nun negocio (pagado por todos) que acentúa as diferencias sociais.

Se partimos desta idea xeral, é necesario que as institucións efectivicen esta idea mediante a ordenación do sistema educativo e mediante uns investimentos que permitan acadar os obxectivos expresados.

A primeira cuestión que se presenta é definir con claridade que para acadar este obxectivo xenérico de contribución á igualdade entre as persoas, a educación debe vehiculizarse a través dunha rede pública e gratuíta onde se poida plasmar de maneira concreta a igualdade de oportunidades.

Nos últimos anos asistimos á implantación dunha reforma educativa que esixe unhas determinadas condicións materiais e de persoal nos centros educativos, e que obrigan a un esforzo orzamentario para que esta reforma non quede en mera intención. A Loxse implantouse cun investimento nulo.

Esta reforma afonda na privatización do ensino, segrega o alumnado das zonas e segmentos sociais máis desfavorecidos, incrementando a selectividade do sistema.

A oferta educativa da Xunta de Galicia pódese considerar moi baixa, debido a que se fixo en función de criterios fundamentalmente economicistas. Non podemos comprender como un goberno pode aprobar unha reforma cando sabe de antemán que non vai destinar o suficiente orzamento para levala adiante.

Se analizamos esta reforma educativa atópanse bastantes eivas, tanto no bacharelato como nos ciclos formativos. Na Loxse existen catro modalidades de bacharelato pero a Consellería só oferta dúas para cada instituto, agás algúns que teñen tres. En canto ós ciclos formativos, non se fai unha previsión dos mesmos nin tampouco dos de garantía social.

A Consellería non establece un servizo de comedor e transporte a prezos módicos nin unha política de bolsas para aqueles alumnos que queiran cursar estudos non ofertados na súa zona.

Vemos como, cada vez máis, estamos facendo unha selección en función das posibilidades económicas.

A situación preséntase desoladora, o estudantes galego debemos saír á rúa e dicirlle á Xunta que non imos permitir máis agresións ó ensino público.

(Mauro Ares Rodal COU E)



SE EU FOSE PROFE

*Se eu fose profe,
¡as leccións ó día!
e se non fose así,
os alumnos suspenderían.*

*Se eu fose profe,
¡exercicios acabados!
e se non os acabaran,
non habería aprobados.*

*Se eu fose profe,
¡todo o mundo caladiño!
sentadiños nas súas mesas
e sen dar nin un pasiño.*

(Iago García, 3ºESO C)

*Se eu fose profesora,
os meus alumnos educaría,
de maneira tolerante
eles se comportarían.*

*De maneira fácil e
divertida eu explicaría,
O esforzo e o traballo
sobre tódalas cousas valoraría.*

*Os exames e traballos
para a casa, suprimiría.
Nas clases, un debate
aberto habería.*


*Sería amiga dos alumnos,
escoitaríaos e con eles falaría,
polas súas cousas ou
problemas eu me interesaría.*

*Gustos pola arte, a música,
a lectura inculcaría.
Convertelos nunhas grandes
persoas intentaría.*

(Beatriz Villar, 3º ESO B)

*Ser mestre é un tostón,
vir á escola cando non o precisas
e corrixir un montón.
Axudar a quen o pide
e dar a túa opinión,
acudir ás reunións
que nos manda o director.
Chegar á clase ben cediño
e non chamar moito a atención,
caerlles ben ós alumnos
e ter un bo corazón.
Ter moitísima paciencia
e argumentos un montón
para calmar as feras dos nenos
que queren chamar a atención.
Cando digo ter paciencia,
teño moita razón
e senón preguntádelles ós mestres
que senten por nós adoración.*

(Sheila Díez, 3ºESO B)



O TEATRO NO INSTITUTO

ASÍ NACEU AULATALÍA

Esta nosa esmorga teatral comezou hai dous anos, cando un grupo de alumnos de COU decidiu levar a escena a un Castelao que os estaba a engaiolar nas clases de Literatura.

Esta nosa ilusión fíxose posible gracias ó achado de Xosé Lois, o guía que nos ía conducir, mediante **Os Vellos**, polos nosos primeiros pasos no mundo do teatro.

Así comezamos lecturas, ensaios, sobrecolletores momentos de inspiración, risos e gargalladas, a madeira fría no escenario baleiro que quecería logo cos panos verdes, os personaxes que comezaban a coller forma e vida... e nós aínda atónitos ante o elevado e irrevogable de todo o que estabamos a experimentar.

Case de súpeto chegaron as actuacións, os nervios que se afogaban e se derramaban en cada escena, os eternos aplausos, a sensación abraiante de formar parte dun círculo co que estás a vivir algo tan forte, tan marabilloso, e por outra banda tan teu, que pasará de seguro a integrar esas poucas pero intensamente marcadas páxinas das nosas vidas.

As actuacións foron moitas: Mondariz Balneario, Lugo, Silleda, San paio de Navia, concello de Vigo e tamén acadamos importantes premios.

Actualmente, lonxe xa da tutela do IES Álvaro Cunqueiro, seguimos coa nosa propia esmorga teatral.

Gracias, por tanto, IES Álvaro Cunqueiro. Gracias, Daniel Alfonso Rodríguez Castelao. (*Esther Troncoso, ex-alumna do instituto*)

AULATALÍA HOXE

A actividade de teatro continúa con grande éxito no instituto Álvaro Cunqueiro.

No curso 99-2000 puxemos en escena as obras "O auto das tres irmás costureiras" e "Os cravos de prata".

Este curso estamos preparando dúas obras: "Asemblea Xeral" de L. Olmedo e "O retabuliño de D. Cristovo" de García Lorca, que se estrearán proximamente no noso instituto e logo faremos un pase no Concello.

Aulatalía é unha grande familia formada por:

Saúl Serantes, Nerea Ulloa, Paula Gozalo, Pachi Barros, Paula Abreu, Merce Peleteiro, Aroa Miguel, Paúl Rodríguez, Romina Ramos, Graciela Troncoso, Paula Palomares, Hugo Cabezas, Alba Castillo, Miriam Suárez, Olalla Rodríguez, Nerea Montenegro, Fabiola González, Patricia Martínez, Yaiza

Nesta grande familia hai sitio para todos. ¡Esperámoste!

Un saúdo,
Aulatalía.



INTERCAMBIO COS EE.UU.

Entre os días 13 e 26 de abril recibimos a visita de doce alumnos procedentes de **Staples High School-WESTPORT CONNECTICUT**, acompañados do seu profesor Mr. Ballesteros. Participaron da vida escolar do noso instituto e colaboraron nas clases de inglés, onde os nosos alumnos tiveron a oportunidade de contrastar a nosa cultura e a súa. Realizaron excursións a A Coruña, Santiago, Salamanca e Valença do Miño.

É de agradecer a colaboración dos pais que os hospedaron e lles ensinaron a nosa terra e a nosa forma de vida.

Este intercambio escolar con Staples High School realízase cada dous anos e está coordinado polo profesor do Seminario de inglés D. Albino Rubio.

INTERCAMBIO CO INSTITUTO MELCHOR DE JOVELLANOS EN MARROCOS

O vindeiro mes de xullo celebraremos un intercambio co Instituto español **Melchor de Jovellanos** da cidade marroquí de **Alhazaima**. Esta actividade organízase gracias á cooperación do antigo profesor do noso Centro, hoxe profesor neste Instituto marroquí, Don Manuel Gómez Valverde.

Na segunda semana do mes de xullo recibiremos o grupo de alumnos e alumnas marroquíes. Inmediatamente despois devolverán a visita os nosos alumnos. Nesta actividade participarán os alumnos do Curso de Orientación Universitaria.

A estadia en Marrocos está chea de actividades, visitando a cidade de Alhazaima, Fez, Maequinez e outras. O entorno xeográfico nesa zona do país, o Nordés, é ben distinto da imaxe tóxica que podemos ter dun Marrocos veciño do deserto do Sahara. Pola contra esa zona está encravada no somonte do sistema montañoso do Alto Atlas, o territorio do Rif, onde coexisten os bosques de cedros, abetos, os lagos de montaña de orixe nival, a mesma neve, coa estación de esquí incluída con paisaxes e clima mediterráneo na costa.

Será polo tanto unha experiencia singular na medida en que, ó mesmo tempo, os nosos alumnos e alumnas se verán sorprendidos por unha cultura vivaz e colorista e por paisaxes inesperadas. Esta viaxe coidamos que será un instrumento interesante na adquisición por parte dos nosos alumnos dun espírito aberto e sensible ás diferencias culturais. En definitiva, un paso importante para asumir o propio dun mundo cada vez máis plural e diverso, mundo no que todos estamos chamados a vivir e compartir.

INSTITUTO de E.S. ÁLVARO CUNQUEIRO

Rúa Porriño, s/n 36209 VIGO

Tel. 986298892

ies.alvaro.cunqueiro@xunta.es



**-Educación Secundaria Obrigatoria:
1º, 2º, 3º, 4º de ESO.**

-Bacharelato da Saúde.

-Bacharelato Científico Tecnolóxico.

-Bacharelato das Ciencias Sociais.

-Bacharelato das Humanidades.

Découvrir París

Todo comezou na mañá do sábado 17 de xuño do 2000 cando nos dispuñamos a comezar a viaxe de fin de curso con destino a París. Eran as seis da madrugada dun caluroso día de verán cando deixamos Vigo e comezamos a nosa longa viaxe.

O autobús era bastante comfortable pero tivemos que estar moitas horas dentro e rematamos del ata ... (vós xa sabedes); nada máis na ida foron sobre unhas dezaseis horas, foi moito tempo pero axudounos a convivir xuntos durante moitas horas e a coñecemos mellor.

Cando chegamos a Burdeos (Cestas), levamos unha decepción xa que tivemos que cear uns bocadillos que levamos despois de estar longas horas co estómago baleiro.

Á mañá seguinte levantámonos cedo despois dunha longa noite de tensións e diversión na que a penas pegamos ollo. Saímos coa intención de ver a rexión do Loira e os seus castelos pero dadas algunhas circunstancias (prezo abusivo) non o chegamos a visitar e continuamos a nosa viaxe ata chegar por fin a París.

Unha das visitas máis desexadas foi ver unha das sete marabillas do mundo, a Torre Eiffel, onde puidemos deleitarnos coas extraordinarias vistas da cidade parisiense dende a terceira planta, ¡que vertixe!.



Outra das visitas máis esperadas foi a de Eurodisney onde o pasamos moi ben debido ás múltiples atraccións e ás anécdotas que pasaron, era como estar no país da fantasía. Botamos neste parque de atraccións un día enteiro. Case ó final da nosa estadía fomos a “Main Street”, a cidade principal deste entrañable mundo e gastamos todos os cartos en mercar recordos. ¡Pasámolo “caralludo” mostrando a nosa “incultura”!.

Tamén puidemos ver o museo do Louvre e observar de preto a “Gioconda”, que destacaba pola grande protección que a rodeaba e polo grande número de “flashes” que lle chovían. O mellor de todo é que foi o único sitio en París que nos foi de balde.

Paseando polas rúas parisienses quedamos abraiados pola grande variedade étnica e pola beleza dos seus sitios como a vida e a marcha do Barrio Latino, a Praza da Concordia, a Ópera, a moderna arquitectura dos rañaceos de “La Défense”, a famosa catedral de Notre Dame onde se atopa o

quilómetro cero (todos pisamos nel seguindo a tradición para así voltar a París algún día), a viaxe en barco polo río Sena e o grande luxo das tendas e restaurantes do Boulevard St. Germain.

Entre outras cousas apreciamos a importancia dos “restaurantes” Mc’Donals xa que os costumes gastronómicos franceses eran moi diferentes ós nosos (spaghetis con cogombros, por exemplo), ademais de que estas hamburgueserías eran o máis barato para comer que podíamos atopar.

En canto ó hotel de París (Alexia), a primeira impresión que nos deu foi que parecía un antro, non nos entraba na cabeza que íamos durmir nese lugar pero axiña nos demos conta de que era peor, era a casa dos horrores. Gracias a todas estas situacións e anécdotas pasámolo mellor do que tiñamos pensado e foi unha experiencia que xamais esqueceremos.

Por último queremos agradecer ós profesores: Xosefina, Paraños e Paz (pasárono como nenos) que nos acompañaron ó longo de toda a viaxe.

(Zoila Teijeiro e Santiago Gallego, Ana Pérez, Aroa Vázquez e Alba Pérez, de COU D)

MENU Les spécialités

- Embutido con cogombros ou patacas picadas.
- Espaguetis fervidos.
- Iogurt natural sen azucre.

Pan e auga ben racionado.



A VIAXE A BARCELONA

Para celebrar o remate dos nosos estudos de bacharelato, aos alumnos deste I. E. S. ofrecéusenos a posibilidade de facer unha viaxe pola Delta do Ebro (Amposta). Ao longo do curso fixemos varias actividades que nos axudaron a financiar a viaxe: festas, vendas de rifas, comidas para os profesores servidas por nós mesmos, venda de camisetas, etc... Por certo, desde aquí queremos agradecer a toda a comunidade educativa a súa colaboración desinteresada e moi especialmente a aqueles profesores que se brindaron a acompañarnos facendo posible o noso soño.

Todos os que participamos nesta fermosa viaxe esperabamos a súa chegada con moita ilusión, xa que isto marcaba o remate das clase e o principio dunha semana de xolda cos nosos amigos e amigas.

Comezamos a viaxe nun venres, despois da comida e rematámos a primeira xornada en Burgos, onde ceamos uns succulentos macarróns e rapidamente fomos para as habitacións; aínda que creo que esa noite ningún durmiu nin media hora. O día seguinte,

todos durmiamos no autobús pero o noso profesor Paco empeñouse en despertar a xente do seu sono (e soños) para gozar (?) da paisaxe.

Xa en Amposta, realizamos todo tipo de actividades: canoas, barcos de vela e quads, os cales se atopaban nun recinto, e aquí tamén podías realizar escalada por unha parede.

O día de visita a cidade de Barcelona prestou a pouco para ver toda esa impresionante cidade, a Vila Olímpica, o Camp Nou xunto a súa Sala de trofeos e sen quitarlle importancia o día que fomos a Port Aventura, onde saboreamos as súas atraccións, como o impresionante Dragon Kant.

Das noites que se vos pode contar, aínda que a primeira noite non se puido saír de marcha, as seguintes xa estaban a disposición de cada un, e algúns foron ás carpas e outros quedaron no hotel, etc.

En definitiva, penso ao igual ca todos que isto foi unha agradable viaxe e na que o obxectivo de pasalo ben facendo algo distinto se cumpriu, en fin "mens sana in corpore sano".

(Alfonso Salgueiro e Rodrigo Carnero, alumnos de COU D)



EQUIPO XUVENIL DE VOLEIBOL



Mª José Galiño



Eva Refoios



Andrea Rodríguez



María Pérez



Arancha López



Anaid Gil



Lorena Gil



Andrea Rodríguez

CAMPIONAS PROVINCIAIS 00-01



"Música de cabaret-jazz para frenopáticos" foi a cualificación dunha pequena publicación londinense da modesta publicación do disco de Giles, Giles&Fripp en 1968, disco que constituíu o alborar dos experimentais King Crimson. Trinta e dous anos despois, King Crimson persisten nesta vea experimental e progresiva do rock (e continuos acenos ó jazz) coa súa nova aportación, *"the konstruktion of light"*.

King Crimson naceu con estrela, o recoñecemento ao seu traballo foi xa evidente coa súa primeira publicación, *"in the court of the Crimson King"* (1969). Dende Pete Townshend, dos Who, ata os Rolling Stones quitaron o sombreiro ante a obra ata hoxe máis aclamada do conxunto, estes últimos invitáronos como teloneiros á súa famosa actuación en Hyde Park como despedida do falecido Brian Jones con medio millón de espectadores como testemuñas.

Tan só o emblemático guitarrista Robert Fripp logrou sobrevivir aos continuos cambios na formación da banda que, ó igual que os cambios de jazz, non deixou de sufrir alteracións. Poderíamos citar a Greg Lake (despois en Emerson, Lake&Palmer), Michael Giles (despois en Pingüin orchestra), Mel Collins (que participará na banda Dire Straits), Boz Burrell (despois en Bad Company), Bill Bruford (que participa na banda Yes), John Wetton (despois en Asia), Adrian Belew (que participará con David Bowie) ou Tony Levin (que participará con John Lennon) como algúns grande nomes que se cruzaron no mesmo camiño que os King Crimson.



Wetton, D. Cross, R. Fripp, B. Bruford - 1974

THE CONSTRUKTION OF LIGHT

A tendencia do grupo á innovación e as interminables mutacións converteron os seus albums en obxecto de culto, King Crimson ten cabida en todas as músicas: jazz, rock, hard rock, clásica, medieval e, sobre todo, o empeño na experimentación a cal é visible en toda a súa discografía.


Persoalmente eu destacaría o seu primeiro album *"in the court of the Crimson King"* (1969), *"islands"* (1971, o de maior tendencia jazzística), *"lark's tongue in aspic"* (1973, o máis experimental), *"red"* (1974) e *"discipline"* (1981), aínda que se tes oportunidade de escoitar un directo da banda, calquera é recomendable, pero os máis notables son os da xira "epitaph" entre 1969 e 1970.

Aínda que os seus detractores acusan a King Crimson de anacrónicos hoxe, é innegable o seu legado musical en grupos da ola "grunge" e do "wetal progresivo".

Con 54 anos, Robert Fripp é un mito vivente da era dourada do rock sinfónico e experimental, naqueles tempos nos que Pink Floyd arrasaban co seu *"the dark side of the moon"* (1973) ou *"Wish you were here"* (1975) e Emerson, Lake&Palmer sorprendían con *"Pictures at an exhibition"* (1971), e aínda hoxe King Crimson producen novos sons, Robert Fripp na guitarra, Adrian Belew na guitarra e voz, Trey Gunn no baixo e Pat Mastelotto na batería demóstranos con *"the konstruktion of light"* a potencia que son que de

transmitir trinta e un ano despois do seu primeiro álbum, Robert Fripp aínda ten moito que dicir, Deus salve o rei, o rei carmesi, King Crimson.

Rubén Abad (COUE)



Debuxo finalista no concurso de Portadas para este número da Revista *O Trasnó*

Paula Gozalo

Debuxo finalista no concurso de Portadas para este número da Revista *O Trasnó*

Ruth Terleiro

O Trasnó





Expresion Propia

